

O CONVENIO COLECTIVO

Un convenio colectivo é un acordo subscrito polos representantes dos traballadores e empresarios para fixa-las condicións de traballo e produtividade. Igualmente poderá regula-la paz laboral a través das obrigacións que se pacten

O ámbito será o que as partes acorden e para o que estean lexitimadas.

O convenio colectivo ha de efectuarse por escrito e entrará en vigor na data que acorden as partes.

Os convenios deberán ser presentados ante a autoridade laboral competente, só para os efectos de rexistro no prazo máximo de 15 días dende a súa firma, a cal ordena o seu rexistro e publicación no «Boletín Oficial del Estado» ou, en función do ámbito territorial, no «Boletín Oficial» da comunidade autónoma ou da provincia a que corresponda o convenio, nun prazo de dez días. Se a autoridade laboral estima que un convenio colectivo conculca a legalidade vixente, ou lesiona gravemente o interese de terceiros poderá promover de oficio ante o Xulgado do Social ou Sala competente (Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza ou Sala do Social da Audiencia Nacional, segundo o ámbito sexa igual ou superior a unha comunidade autónoma) a impugnación do dito convenio.

A autoridade laboral velará polo respecto ó principio de igualdade nos convenios colectivos que puideran conter discriminacións, directas ou indirectas, por razón de sexo. Pode dirixirse á xurisdición competente por

entender que o convenio colectivo puidera conter cláusulas discriminatorias.

CLASES DE CONVENIOS COLECTIVOS

Pódense distinguir distintos tipos de convenios colectivos segundo a área xeográfica na que despregan os seus efectos:

- Convenios colectivos de ámbito nacional: rexen en todo o territorio do Estado.
- Convenios de ámbito autonómico: afectan ó territorio dunha comunidade autónoma.
- Convenios de ámbito provincial.
- Convenios de ámbito local.

Tamén podemos clasifica-los convenios segundo o número de persoas afectadas polos ditos convenios:

- Convenio de empresa ou de ámbito inferior á empresa: afecta a tódolos traballadores da empresa ou só a un sector da dita empresa.
- Convenio de ámbito superior á empresa: agrupa a varias empresas dun mesmo sector económico.
- Convenios extraestatutarios ou impropios: escapan da regulación do E.T. (Estatuto de los Trabajadores), teñen eficacia limitada, só obrigan á empresa e ós afiliados ó sindicato que o negociou, aínda cando este sindicato non reunise as condicións de lexitimación esixidas polo E.T.

CONTIDO DOS CONVENIOS COLECTIVOS

O contido dos convenios colectivos regúlase no art. 85 do E.T., no que se sinala a posibilidade de regular en ditas normas condicións de traballo tales como remuneración, horarios, vacacións, prazos de preaviso para deixa-la empresa, sindicais, asistenciais e as que afecten ás condicións de emprego e ás relacións entre empresario e traballadores. Aínda que, como mínimo, en todo convenio deben aparece-los seguintes datos: partes que o concertan, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal necesario para determinar a quen afecta o convenio, as condicións e procedementos para aplica-la cláusula de descolgue, a forma e as condicións de denuncia do convenio e o seu prazo de preaviso, a designación dunha comisión paritaria da representación das partes negociadoras para entender cantas cuestións lle sexan atribuídas, e determinación dos procedementos para solventa-las discrepancias, no seo da dita comisión.

Cláusula de descolgue. Condicións e procedementos para non aplica-lo réxime salarial dun convenio sectorial a empresas en crise, para que así, a entrada en vigor dos novos salarios pactados non puidera supoñer un risco para a estabilidade das ditas empresas.

ONDE ATOPO O CONVENIO COLECTIVO QUE ME POIDA INTERESAR?

Tanto os convenios colectivos como as revisións salariais deben publicarse no boletín oficial correspondente segundo o seu ámbito de aplicación. Si se trata dun convenio provincial debe aparecer no boletín oficial da provincia correspondente, si é de ámbito autonómico na diario oficial da comunidade autónoma e si é un convenio de ámbito estatal no BOE (Boletín Oficial del Estado).

Si nos interesa un convenio en concreto podemos buscalo por Internet poñendo palabras clave, existen páxinas como as da confederación de empresarios, sindicatos... nas que se poden descargar de xeito gratuíto os convenios colectivos e as revisións salariais sectoriais máis comúns.

Si sabemos a data de publicación do convenio que nos interese e o boletín oficial no que saíu publicado podemos acceder ó boletín oficial correspondente de xeito gratuíto en Internet na maioría dos casos. (Ó final deste documento atoparás os enlaces a tódolos boletíns oficiais españois e ó da Unión Europea).

Cando empeces a traballar nunha empresa convén que lle preguntes ós representantes sindicais ou ós teus compañeiros o voso convenio de referencia ou si a empresa ten un convenio colectivo propio e que solicites unha copia do dito convenio para coñecer ós teus deberes e obrigas.

BOLETÍNS OFICIAIS

- **Europa:** Neste enlace podes atopa-lo DOUE (Diario Oficial da Unión Europea) e os boletíns oficiais do estados membros
www.boe.es/aeboe/consultas/enlaces/union_europea.php
- **España:** BOE (Boletín Oficial do Estado)
www.boe.es
- **Comunidades autónomas:** No seguinte enlace poden consultarse tódolos boletíns autonómicos
www.boe.es/aeboe/consultas/enlaces/boletines_autonomicos.php
- **Provincias:** No seguinte enlace podes consultar tódolos boletíns oficiais provinciais
www.boe.es/aeboe/consultas/enlaces/boletines_provinciales.php